


1070





BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

---

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

---

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 ▶

Número solto 0'70 ▶

Este boletín non publicará máis orixins qu'os que foron directamente solicitados pola Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

---

SUMARIO

NEL GIARDINO, UNA NOTTE, SEDUTA Por CURROS ENRÍQUEZ (Trad. Guido Battelli)  
DAS ORIGENS DA POESÍA LÍRICA EN PORTUGAL POR M. RODRIGUES LAPA, P. PEDRET CASADO  
DA ALEMANA, Por VICENTE RISCO  
ÍNDICE CULTURAL E ARTÍSTICO DO RENACIMIENTO GALEGO, por FRANCISCO F. DEL RIEGO  
ARQUIVO FILOLÓXICO I ETNOGRÁFICO DE GALIZA

MPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense

Vicente Risco

Abogado



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XV ★ Ourense 15 de Novembre de 1933 ★ Núm. 119

## NEL GIARDINO, UNA NOTTE, SEDUTA

Por † MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

(Trad. GUIDO BATELLI).

Nel giardino, una notte, seduta  
della luna nel pallido albor,  
una giovine donna piangeva  
desolata il perduto suo amor.

E dolente tra'l pianto diceva:  
«La mia gioia ormai si perdé,  
moriré senza scorgere gli occhi  
del mio ben, ch'era tutto per me!»

E volava su l'ale del vento  
il suo triste pietoso lamento:  
«Morirò senza piu'vedetcel!»

Sulla poppa d'un nero vascello  
che veleggia su l'acque del mar,  
emigrando per terre d'America  
ecco un nomo che piange del par.

E vedendo le rondini liete  
il lor volo alla terra spiegar:  
«Oh, potessi, esclamava, dolente,  
oh potessi con voi ritornarl!»

Ma si perde su l'ale del vento  
il suo triste pietoso lamento:  
«Oh potessi con voi ritornarl!»

Notti piene d'aromi e di luce,  
che tristezza serbate d'allor  
che vedeste una bimba piangente  
e una nave dell'onde al fragor!

D'un amor celestiale e devoto  
una tomba doveva restar  
sovra il colle ove dormono i morti  
e un cadavere in fondo del mar!

# DAS ORIGENS DA POESIA LÍRICA EN PORTUGAL POR M. RODRIGUES LAPA

Por P. PEDRET CASADO

O carísimo pobo irmán de Portugal sofreu como os pobos que constituyen o Estado Hespañol, unha decadencia na sua significación internacional, que iniciouse a mediados do século XVI. Mais foi o primeiro dos países peninsulares que loitou por erguerse da sua postrazón e por achegarse á coetánea cultura das principais nacións europeas. Así a literatura portuguesa do século XIX cos nomes gloriosos de Herculano, Antero de Quental, Eça de Queiroz..., está más preto que as outras peninsulares do espírito francés, que naturalmente é ainda hoxe o pobo que más influe no noso modo de ser. Cicatís ao carácter viaxeiro dos portugueses ocasionado pol-a condición xeográfica do país, que foi a base da súa gloriosa historia, débase atribuir unha poderosa razón d'este consolador movemento.

Co-el por dita vaise xuntando o desaparecemento dos receitos mútuos entre Portugal e os outros pobos da península que dende fai séculos tanto daño levan feito. Galiza, que ten más venceiros naturás con Portugal que con calquera outra das naciónalidades ibéricas, non s-eximiu d'este arredamento, e s-él foi nefasto pra Hespañía e pra o doce pobo de Camoëns, coidamos que endexamais o foi tanto como pra nós. O espírito galego, ousamos decir, que na Hespañía sofreu unha limitazón ao trasvasarse nunha bela e rica lingua mais non por nós vivida, chegou a sua plenitude nos grandes inxenios portugueses, co cal país xúnguennos ao revés do que con Hespañía á semellanza de carácter e do idioma no que este carácter se plasmou.

Non fica detrás de nós Portugal no anejo de ir achando a enorme montaña de prexūcios que por tanto tempo ocultounos d'eles i-eles de nós. Os seus homes más representativos teñen unha devozón agarimosa pra

Galiza, que nós agradecemos no que val, e os problemas portugueses no seu fundamento histórico son hoxe estudiados por eles desde o punto de vista galego-portugués único aceptable científicamente.

O profesor Rodrigues Lapa, da Universidade da capital lusitán, é un destes portugueses que co amor ao estudo e ao seu país xuntan un grande e constante amor á Galiza. Froito d'estes amores é a sua contribución á historia da nosa literatura coa edición de varios vilancicos gallegos dos séculos XVI e XVII existentes na Biblioteca Nacional de Lisboa, precedida dunha sobria i-erudita introdución do editor, e sobre todo coa obra sua capital «Das origens da poesia lírica em Portugal na Idade Media», cujo primeiro volume saeu do prelo no 1930 i-é unha soberba proba da esgrevia cultura, da envergadura laboriosidade, madurez de criterio e precisión de ideas do xoven profesor, como tamén unha magnífica aportación á historia da literatura galega por ter sido ésta a mesma que a de Portugal ata a segunda metade do século XIV.

Os estudos das origens da poesía en lingua romance, pol-as moitas relazóns comúns que houbo entre os pobos que formaron a etnarquía cristián durante o medioevo e, no caso da nosa península, pol-as que ademais tivemos cos árabes, que ocupaban cásque a metade dela cando xurdían as falas neolatinas, exixen, so pena de cair na parcialidade e na superficialidade, un coñecemento serio da poesía de cada un destes pobos. Por non coñecela suficientemente non se eximiron destes defectos os beneméritos traballos na Hespañía do século XIX de Amador de los Ríos, Milá y Fontanals, e de Menéndez Pelayo, tan sobresalentes, especialmente os do derradeiro, mais que, como a contri-

buzón dos estudosos extranxeiros non tiña chegado á plenitude que dende fins do século goza e por outro lado pechábanse a maior parte dentro do interés inmediato do respectivo estado, resíntense aqueles estudos, ainda nos moitos xuiños hoxe comprobados, d'unha estreitez ou mellor omisión de puntos de vista que agora reconfíencense ser os más fecundos.

Portugal, afora d'outros de menos valimento como o dilixente, ainda que moitas vegadas lixeiro Teófilo Braga, atopou un grande historiador da súa literatura lírica medioeval na Sra. Carolina Michaelis, aleman de nacemento, más casada co crítico de arte Dr. Xaquín de Vasconcellos, e dende o casamento residente en Portugal ata a sua morte no 1926. Entre as suas obras, destaca a sua *Historia da Literatura Portuguesa* ata 1580, no monumental, e por hoxe insustituible «Grundriss der Romanischen Philologie» de Gröber, as «Randglossen zum altportugiesischen Litteratur», (1896-906) e sobre todo a sua edición do Cancioneiro de Ajuda (1904), que alcanzou nela un eminentísimo comentarista como ansiariamos pra os da Vaticana e de Colocci-Branuti. A insine señora educada no riguroso método científico alemán, que na segunda metade do século pasado ergueu tanto como os demás estudos históricos os de filoloxia románica nese país, trouxo pra a península un rexenerador fermento que os estudiosos d'equí non poderán esquenecer endexamáis.

Segundo este vieiro o Dr. Rodrigues Lapa, ao influxo das investigazóns extranxeiras e sobre todo das alemás, francesas e italiás, que son as más importantes, decatase axiña na sua obra, que consideramos única no seu xénero na península e que promete ser trascendental á xuzgar pol-o volume primeiro cheo de erudición e revelador d'unha singular amplitud de espírito. Erudición toda ela de primeira man e con detido e fondo coñecemento dos moitos libros que leu o autor, dilixentísimo ata incorporarse as más recentes obras peninsulares i-extranxeiras tocantes á materia, e que algunas vegadas chega á impedirlle manter un orde craro no pranteamento dos problemas dentro de cada capitulo, que conviría fosen

divididos en sezóns. Sen dúbida a natureza quixo volver polos foros da xuventude do douto profesor, que d'outro modo non aparecería na obra, dadas a inmensa lectura e o asizado dos seus numerosos xuiños.

E singular amplitud de espírito, pois, ainda que o xusto degaro de combatir as soluzóns trabucadas aos moitos problemas que as orixens da poesía lírica fan xurdir e a arela de recenser, as opiniós diversas oscureza naturalmente ás veces a exposición histórica e imposibilita unha síntese acabada, en troques aparece sempre craramente o sobrán anceio do autor de dicir a verdade total, servido por unha notabre serenidade de espírito que lle permite ver saamamente o estado actual das cuestións e ata ónde chega a lóxica das rectificazóns sucesivas, bela calidade que s'amosta dende o primeiro momento no libro e que se mantén deica ao final.

N'un enxundioso prólogo, modelo de cronicidade, caracteriza Rodríguez Lapa as varias teorías que en col das orixens da poesía lírica románica se teñen feito. Despois da dos mediolatinistas, que busca a unidade dela na comunidade da lingua e da cultura medioeval, ningunha tan atractiva como a que procura ver na cultura poética e musical dos árabes as orixens das formas trovadorescas e o conceito do amor cortés. Ela despois d'outros foi sostida n'este século, pol-o que a poesía dos trovadores en xeral se refire, principalmente polos alemáns Burdach e Singer, e pol-o que toca á peninsular por D. Gián Ribera con un sotil inxenio e tenaz laboriosidade que lle deparou moita sona en Europa e lle mantén moitos seguidores. Mais ninguén puido probar deica hoxe a sua realidade histórica. Certamente sería temerario rexeitala como falsa, e así o Prof. de Lisboa, despois de lanzar contra ela a refutación más dura, non ousa chamarla errónea, e se, logo de contradecir a opinión arbitaria de Jeanroy, que excluía a participación dos galegos na formación do lirismo portugués pra fundar éste no espírito dos franceses, volve a máis lóxica dos mediolatinistas que xa apuntara Xan de la Encina en 1505 e defenderan Amador de los Ríos e Menéndez Pelayo e máis tarde o pro-

tesor de Norteamérica nado en Suiza Henrique Lang tan benemérito da nosa historia literaria, é coa seguranza e amplitude que dan as moitas investigazóns feitas dende entón, sobre todo por Guillerme Meyer, Wechssler e outros estudiosos alemáns engadindo á elas moitas finísimas realizadas por él sobre o lirismo galego-portugués, polos estranxeiros non ben coñecido, mais manténdose sempre independente no seu xuízo de calquera autoridade esterna.

A exposición e refutazón dos argumentos da teoría arábiga, así como a mostra da imperfección da filolóxica sostida por G. Paris, que busca no latín vulgar e na poesía popular n'esta lingua común á orixen da poesía románica, e a defensa da tesis dos mediolanistas, que abarcan os catro primeiros capítulos do libro, son como unha introdución à segunda parte que comprende os restantes capítulos (V-XI). N'estes últimos o autor, basado no seu singular coñecemento da lírica medioeval galego-portuguesa, desenvolla unhas soberbas leizóns de historia da literatura do seu país e do noso apoiándose en pacentísimos estudos dos xéneros poéticos, da técnica da rima e do folklore i-en soitiles observazóns do ambiente social, sobre o cal, afora dos «Foraes», deitan tanta luz ao gran Herculano e ao segurísimo Alberto Sampaio, e ven á sostener que a principal orixe da versificación romance, ainda da popular, así como a dos asuntos primeiros dela atópase na poesía litúrxica.

Non é España país onde abunden os traballos de primeira man en col da historia da literatura e sobre todo da lírica medioeval, cicais porque esta cras de poesía non tivo en Castela ata o século XIV oinxente valor da galaico-portuguesa, da cal deixa entón foi serva. Tampouco por desdita é a nosa Terra

lugar onde teñan saído á luz moitos concienziosos estudos sobre a nosa historia vernácula i-en particular sobre a rica e bastante descoñecida literatura medioeval.

As investigazóns que o laborioso profesor Oviedo Arce tiña feito sobre estas materias e que en gran parte ficaron sen publicar, son das más importantes que ata aquí se fixeron en Galiza en col desa época gloriosa da nosa poesía. Moito está ainda por facer n'ese campo do saber como en tantos outros da nosa historia.

Sometido como está o noso país dende fai séculos á un infruxo cultural en parte estrana i-en todo tiránico, cuyos raios chegan esmorecidos á él dende o impodente centro, a Universidade, (por citar só a institución de cultura más outa), que debía ser galega, non foi e non é más que un satélite da que, con un significado pra nós ben molesto, hónrase chamando «Central», ou mellor dito, xa que a «Central» como as demás falla lle o sentido de existenza corporativa, servados caciques que n'aquela mandan. A esterilidade é o feito d'esta servidume. Alégranos por tanto moiísimo que un profesor portugués e de tanta sabencia e laboriosidade como o Dr. Rodrigues Lapa, crente no espírito peninsular, cheo de amor á nosa Terra, do cal fai nova mostra en algunas cálidas verbas do seu libro, que tanto alumbra aos poucos que en meio de tan diversas e fortes oposizóns traballan pol-o rexurdir de Galiza e que tan agarimosamente estuda e cita na sua obra os modernos escritores galegos, nos teña dado coa sua fermosa produción unha fonte purísima e abondísima de coñecementos, base necesaria pra o que queira saber seriamente a bela e ricaz literatura do noso medioevo.

Santiago, 1933.



# D A A L E M A Ñ A

## VI. IDEIAS DE BERLÍN

Por VICENTE RISCO

(Proseguimento)

Eu recoñezo moitas cousas. Eu recoñezo qu'a clás obreira débelle moito ao marxismo, na orde material. Recoñezo que, disgraciadamente, é certo qu'endexamáis houberan obtido as imensas milloras que levan ganado, senón s'houberan ergueito en rebeldía, e que pra uníense e orgaizaren a sua rebeldía, o marxismo aportoulles unha doutrina e unha bandeira, embora esta bandeira leve a coor da vinganza e do sangue. Máis, compensan estas ventaxes a perda da fé no sobrenatural, a perda da ledicia de vivir, a perda da paz da y-alma, e más ainda: os perigos qu'os ameazan pra o dia de mañá, s'é que chega a trunfar o marxismo? Compensar o gran desengano futuro?

O materialismo marxista encomenza á ja preocupar aos alemaños. Louban o esforzo filosófico de Husserl e Max Scheler porque din que se non son iles, o marxismo houbera acabado con toda a filosofía. Nos mesmos socialistas iniciase unha recuada. Semella que Marx chegou á cansar aos millores. Nos medios superiores e más inteligentes e cultos do socialismo, disgusta já e pon medo o materialismo crecente. Quérselle dar ao socialismo un senso idealista. Pra elo, muitos padrigan a volta a Lasalle. Outros, coma o profesor berlines Max Dessoir —a Universidade de Berlin non conta más que con duas figuras filosóficas d'outura: Romano Guardini, da Facultade de Teología Católica, e o judeu Max Bessoir, socialista— procuran un camiño nas investigacións metapsíquicas.

Mais isto todo indica a quebra, a descomposición do marxismo. As mejores inteliéncias encomenzan á se sintiren defraudadas por el, e vanse arredando pasenña e incóscientemente. Namentras, sigue vivindo nas masas alucinadas e desespradas.

### COSMOPOLITISMO

O marxismo é cosmopolita —«traballadores de todos os países, ajuntaivos»— e ten que ser cosmopolita, ao ser materialista: «ubi bene, ibi patria». O marxismo é pacifista, e ten que ser pacifista ao ser revolucionario. A guerra é un estorbo pr'a revolución mundial.

O pacifismo marxista quer acabar coa guerra entre nacións, ou entre Estados, pra sustituila coa guerra entre as clases. Vai contra da guerra exterior, porqu'o qu'il quer é a guerra civil. Non quer que haxa odios de raza, odios nacionais, etc.; quer somentes odio de clás. Programa a fraternidade universal... dos traballadores e o aniquilamento dos burgueses. Pra o odio de clás, non debe haber fronteiras. Co qual vimos parar, por outro camiño e con outro fundamento, á antiga distinción *burguesa* qu'os teólogos e juristas facian entre guerra justa e guerra injusta. Somentes qu'eiqui a guerra injusta é a guerra entre pobos, entre nacións, anti'Estados, a guerra exterior. Esta guerra é inhumana e mostruosa, é injusta, ilógica e cruel, é sanguinaria, conculcadora de todos os dereitos, ofensora de todos os atributos da divinidade e da persoalidade humán. Contra d'ela bótanse discursos, fanse manifestacións, júntanse congresos, escribense libros, deséfanse carteis e filmanse fitas de cinema. E todo é pouco pra pintalos os seus horrores, as suas brutalidades as suas loucuras, as calamidades que lle fan compañía, os regos de sangue que deixa.

A guerra social, a guerra de clases, é en troques a guerra justa. Mais ainda: é a guerra santa do novo Islam. Compre padricala, propagala, suscitala, erguela. Tantos discursos, manifestacións, congresos, libros, car-

teis e films como se fan pra condanar a outra, ou más, fanse pra alcender ésta. Non importa que, com'a outra, a guerra social poida ser, e seña de feito nos más dos casos, horribele, brutal, louca, calamitosa e sanguinifera. Está canonizada polo marxismo, e polo tanto, nen é inhumana, nen mortuaria, nen injusta, nen ilógica, nen cruel, nem conculca os dereitos, nem ofende os atributos da persoalidade humán.

A outra si, porque é a guerra burguesa; esta non, porque é a guerra proletaria. A guerra burguesa debe ser condanada; a revolución social hai qu'abrirlle paso... porque é a Revolución. No seu nome, pódese, sen remordemento, esternifar á todol os burgueses, pódese lanzar masas inteiras de proletarios á ruiña e á morte. Sempre se fará obra santa.

Agora ben: dixemos já qu'Alemaña está saturada de marxismo. Ademais, acontece n iste mundo que non s'opofien endejamais, non loitan, non rifan unha co-outra duas doutriñas, duas tendencias, duas concepcións do mundo, sen que s'infruyan mutuamente, sen que cada unha colla algo da outra. Polo tanto, hoxe en dia, non hai mismamente anti-marxista, non hai contra-revolucionario, que non teña un pouco de marxista. E n'Alemaña ten que ser más.

Ora: o pacifismo non é tampouco un invento marxista. Na esencia, o pacifismo é d'orige cristiá; nos seus verdadeiros termos, foi doutriña da Igrexa Católica en todol os tempos. Mais quen lle deu o ton de falso sentimentalismo humanitario, pseudo-romántico —a guerra coma incompatiblecos nervos alporizados d'unha solteira erudita e histérica— e cosmopolita, foi a pseudo filosofía do século XVIII, e os curazos sensibeleis comovidos polo bucolismo idílico de J. J. Rousseau. O socialismo ingénuo herdouno d'ali, e o socialismo *centífico* de Marx, por frío, antiromántico e sen escrúpulo que seña, non se sinteu con forzas pra desbotalo, porque só facía, espúñase ao risco de non semellar unha doutriña humanitaria. É ben que nono fose, mais tiña que parecelo.

De maneira qu'además dos marxistas, hai outros muitos pacifistas, n'Alemaña e

fora d'ela. E o que nono é, cala, sobre todo s'está soilo, porque somentes en masa —com os nazionalsocialistas ou os nacionalistas— s'estreven os homes d'agora á manifestaren afeizos guerreiras; só fai un só, apóupano. E, despóis da barbaridá de 1914-1918, esprícase. Os pacifistas, de todol os gaitos, son muitos más qu'os bélicos. Facer, non fan nada positivo á prol da paz; non fan más que falaren contra da guerra, anque probablemente vai acontecer que, s'os chaman, volvan á ela; mais polo istante, coma movemento espiritual, se non pode negar a forza do pacifismo. É unha atmósfera intelectual e sentimental, un estado d'espirito este só e potente.

Pois ben, ainda antr'os antimarxistas, ainda antr'os contra-revolucionarios, cando se pensa, se fala ou s'obra en contra da guerra, semella que non se trata más que da guerra de naciós ou d'Estados; semella que ninguén pensa na revolución e nas suas vitimas. Todol as prédicas, todol os plans, todol os proiectos, van contra da outra guerra, ainda cando quen predica, planea ou proiecta seña un contrarrevolucionario. Veleiqui o que me chama á min a atención. El é qu'aceitan a revolución coma causa justa? Ou é que a consideran inevitábeis, e danse por vencidos? Ou que comprehendan que a campaña pacifista, endereitada contra a revolución, non había achado agarimo no pobo nem nos polítecos? Ou que non s'estreven a arriscaren a impopularidade d'unha campaña contra da violencia revolucionaria? Eu non sei. Veleiqui o feito.

Ben: o pacifismo non é todo o cosmopolitismo, más é o seu argumento Aquiles. Non queremos guerra? Pois fora fronteiras, desaparezan Estados e naciós, e formemnos a grande fraternidade de todol os homes.

Cando trunfemos no mundo entero —deciame un comunista— faremos desaparecer todol os odios antr'os homes; unirémonos todos pra facermos a única guerra: a guerra do home contra da Natureza.

—Isto si qu'é grave —respondin eu— no afán de Vdes. por botaren abaixo todol os deuses, non respeitan nem tan xiquera ao Gran Fetichel

E lembreime novamente de Roberte Hugo

Benson, e da sua profecía da adoración do home pol-o home.

Cíar'está qu'a gente inteligente e culta gárdase moito d'espresarse en termos de atal radicalismo cosmopolita. Mail-o espirto interior que fai preferir esas fórmulas aos ineducados, non deixa de vivir en moita parte da intelectualidade germánica da post-guerra, principalmente na de sangue israelita, anque s'esprese d'un xeito moi diferente. D'un xeito semellante ao de Romain Rolland representante o máis adubado e enluvado d'esa qu'eu chamei já n-iste libro, ideología de Hotel Metropol. Moito menos pulido aparezcos Mr. Wells, á quem eu chamo o Vicente da Historia Universal. Romain Rolland envolve refritos do século XVIII en elegancias de gran hotel un pouco anticuadas; Rolland ainda anda por ahí retratado co colar da camisa dereito e almidoados ata as orellas. En Wells, á pesares de ser inglés e de que houbera querido ser o barbeiro de Marx, non hai elegancia de ningunha caste; cheira todo il á sudor de sala de mitín.

O argumento Aquiles do cosmopolitismo é o da paz universal e perpétua; mais ter, ten outros: ten o da solidariedade económica mundial, que ata' e com'está o mundo, más ben semella a solidariedade na ruiña.

Mundial! Lémbrome d'un comerciante d'Ourense que se botaba d'erudito porque sabia francés, e que s'enchia o bico coa esterxa, tan doada pra unha marca de calcetins, e tan abusada en toda caste d'anuncios comerciais.

Ainda hai o da solidariedade da cencia, e outros moitos, qu'anque foran valedeiros, non habían servir pr'estabreceren o suposto preciso da necesidade, posibilidade e connexión d'unha unicidade de cultura á regir o mundo. Eu já teño tratado iste punto n-outro libro, e nono vou repetir eiqui.

A mí, todal-as creacions de valor internacional do noso tempo: Sociedade das Nacións, Oficina Internacional de Traballo, Istituto de Cooperación Intelectual, etc., etc. parécenme novas manifestacions da megalomanía, do delirio de grandezas do home oucidental moderno, chegado a un punto adiantadísimo de senilidade e de decadenza.

O cosmopolitismo, o internacionalismo, o mundialismo, o universalismo, veleciqi outro aspeuto do soñío babélico, da bárbara soberbia de Nemrod, costantemente resucitada en precura do dominio imperial sobr'o planeta. motor e carantón a un tempo da cobiza do home oucidental d'impór o seu rubro, queiran non queiran, a todal-os pobos do mundo, disfraz do imperialismo euramericanico, que desexa que toda a terra seña colonia sua, soñío delirante do capitalismo, qu'o comunismo marxista herdou e acalenta, Torre de Babel intelectual, — que non espiritual— politica, ademanistrativa e burocrática, pra encher a das máquinas, do standard, do comercio e do creto, esquema imaginado pol-a vontade de potenza, pol a soberbia sen freno ergueita de novo contra Deus, pra ser de novo vergonxentamente confundida.

Berlin é berce doado pr'arrolar istes soños. Sorte de capital do Oriente d'Europa —na Friedrichstrasse encomenza o Oriente— vila congestiva e tentacular feita en poucos anos, c'un ritmo americano no crecimiento, embebida ainda do imperialismo dos Hohenzollern, c'unha intelectualidade, na sua mor parte, semita, c'un millón de comunistas, ten elementos de dominanza d'abondo pra qu'os alemás, vendo chegar eiqui rusos e chinos, hispano americanos e balkánicos, ingreses, indos, árabes, japoneses, turcos, franceses, yankis, portugueses, boers, etc. etc., se sintan capaces de ser donos do mundo e d'orgaizaren o Estado Mundial ao seu xeito e en proveito propio. N-isto, cada pobo arela ser il que dea o tón; o mundialismo é unha nova ocasión de rivalidade. A mestizaxe das culturas, destrutor, esterilizador da personalidade individual e coleitiva, non pode darse más qu'en pobos inferiores ou en pobos decadentes —recaldos na inferioridade—; pol-o d'agora, o mundialismo resólvese na invasión de todal-os pobos da terra pol-o industrialismo euramericanico. Os pobos oucidenciais queren facer á todal-os demás participantes da sua disgracia, e o mundialismo úneco que realmente eixiste é ese imperialismo que vai matando todal-as culturas autóctonas e standardizando a tristura gris, uniforme, mecanizada, artificial e noxentia, do mundo da grande industria.

## SEXUALFRAGE

A abondosa literatura en col do problema dos sexos non é máis qu'outra das formas da ofensiva que a sociedade oucidental emprende en contra de si mesma, tratando de desfaguer ela mesma os fundamentos en que repousa, nun delirio d'auto destrucción. Xa m'ocupei d'iste asunto n-iste mesmo escrito.

As más das veces, libros centífeicos de gran estilo, folletos de propaganda, revistas ilustradas ou non, nos que se fala dos sexos, do amor, do casamento, d'un novo conceito da familia, a base, más ou menos disfrazadamente, de liberdade d'amar, de matrimonio de camaradaxe, de desprecio á virgindade, d'anticoncepcionismo, non son más qu'unha verdadeira pornografia que vive da esprotación económica da libido, da luxuria cerebral de vellos estragados e rapacíños cobardes que co ises escritos isoladamente se consolan e gobernan. Pornografía que fornece ricos ingresos a autores e a editores, coma que non hai máis seguro negocio na librería.

Proxenetismo centífeico-literario exercido, mais que co-a complicidade, co-a intervención da Universidade e do Protomedicato. Hai médecos qu'exercen esta industria, non somentes na sua forma literaria, senón tamén no exercicio profesional; hai doncelas que s'entregan ao varón por prescripción facultativa. A cencia chegou xá a exercer iste mester qu'imortalizou a Trotaconventos e más á Celestina. En Berlín, hoxe, Trotaconventos e Celestina campan co-a borla doutoral.

Sinxelamente: o fomento centífeico do vicio, a base de biología e de psiquiatría freudiana e endocrinismo e demás chafalladas. Que non é outra cousa mais que vicio, iso do amor libre, ao que tenden estas propagandas, más ou menos directamente. Non hai, non pode haber *amor libre*; o que chamam amor libre non é mais que *vicio libre*. O amor, por natureza, é servidume; ond'hai liberdade non hai amor. O amor non se pode reducir a un asunto de sexos. A virgindade, o casamento, a fidelidade, os fillos, son couzas que requieren alma, que requieren sentimento, que requieren virtude, que custan es-

## NÓS

forzo e sacrificio. Iste probes d'esprito, istes cobardes, istes egoistas que compoñen o mundo moderno, non teñen folgos nem armazéns pra ningún esforzo, pra ningún sacrificio. Pésalles a moral porque non teñen coraxe pra ela, porque son menos homes qu'os d'enantes; o que queren é afollar traballos e darlle gusto ao corpo. E non fallan doutores sen vergónza nem literatos cinicos pra xustificaren a sua larchaneiria. Velequí o segredo do problema sexual.

## JUGENDBEWEGUNG

Os alemás d'agora andan moi preocupados tamén co-iste choyo da mocedade e más das geraciós. D'eiqui colléu a cousa, crar'está, D. José Ortega Gasset, qu'eiqui depredou tod'o que sabe. Coma Jiménez Asúa e Marañón foi eiqui onde s'impuxeron no xeito d'esprotoal-o negocio do problema sexual.

Ben. Ser, é cousa ben rara; nas épocas mozas, criadoras, anovadoras, con pulo, con nervio, con ledicia ascensional, da historia, quen tifia importancia eran os vellos: a tradición, a esperencia, a madureza; na nosa época decrépita e senil, en troques, quen ten importancia son os mozos. El son os mozos d'agora difrenres dos d'outros tempos. El son xiquerá os mozos d'agora difrentes dos vellos d'agora? Eu non sei ben. Poidera ser qu'os mozos d'agora foran menos mozos qu'os d'outros tempos. Por mais que n-Alemaña, os mozos semellan mais mozos que n-outros lados. Será, se cadra, por seren mais colorados e teren mais cara de risa. Poidera ser qu'os mozos d'agora foran mais semellantes aos vellos d'agora do que uns e outros coidan. Eu non sei ben. O que sei é qu'eiqui, pol-a disposición asociativa, sistemática e ata militar da raza, organízanse com'en ningures movementos de mocedade. De más, se cadra, e difrentes de más. O que sei é que a ideología, en xeral, dos mozos, non semella ser a que do século pasado herdaron os autores da Constitución de Weimar. Esta constitución pasa por ser moi progresiva por vir pretender realizar algúns soños d'aquél tempo lonxano en que se criou no progreso.

Na Hespaña eisiste o conceito, propagado

polos xornais d'esquerda, de qu'a mocedade ten que ser necesariamente *avanzada* e revolucionaria. Quen ise conceito tivera, hbiase atopar eiquí c'unha miga de pasmo. Non é que non haxa rapaces comunistas, coma lle gustan aos nosos escritores esquerdistas; hainos, crar'está, e moiismos, mais en ser comunistas non se difrencian dos moiismos vellos comunistas que hai, algúns c'unha chea d'anos que non hai quen leve a conta. Tampouco o comunismo foi inventado por ningún rapaz, senón por homes que viviron e morreron no século pasado. E ademais, os comunistas non son os más dos mozos; precisamente, os más caraterizadamente mozos, os más opositos ao pensar das geraciós anteriores, teñen un xeito de pensar que na Hespaña chamarian reaccionario.

En geral, hai unha mocedade desencantada, práutica, realista, decidida, asisada, afirmativa. Calidades algunas d'ellas pouco simpáticas, das que non ten as culpas. As culpas son dos seus mestres e devanceiros, a quen os mozos viron fracasar, e agora non queren já ser engayolados e iludidos coas pantesías do século XIX. Estou por asegurar que nen tan xiquera os mozos comunistas cren já nas teorías de Carlos Marx; empregan o marxismo com'unhaarma de combate contra da sociedade que queren asaltar, sen prestárenlle por dentro asentimento; se co marxismo chégaran ao trunfo, guindarian co-lí aixiña ond'os trastos vellos. Hai já na Rusia unha mocedade d'iste xeito, que non crê en Marx nin en Lenin nin en ningunha d'esas cousas; mais qu'as utiliza pra vivir e pra medrar no mundo soviético. Mais a maior parte da mocedade alemana, increnta n-esas quimeras do socialismo, da igualdade, da democracia, etc. propias do século XIX, propias dos vellos, cando se trata d'affirmar, prefire afirmar os valores tradicionais: a Patria, a Raza, o Imperio, o deber militar, ainda Deus. Eu non digo que seña afeito ideologicamente contrarrevolucionaria, que leve un programa contrarrevolucionario — embora d'ela teña saído já un programa con moitas partes esenciais contrarrevolucionarias, coma é o do nacionalsocialismo — digo que ten unha disposición espir-

tual contrarrevolucionaria. Nos mesmos *Wandervögel*, e n-outras moitas organizações, vive já, incoscientemente cecais, a contrarrevolución.

Hai en moitas partes, n'Alemaña incluso, apesar do qu'eiquí se fala dos mozos, unha estrana incapacidade pra comprender aos d'agora. Iles mesmos láyanse d'isto, e iles mesmos non son capaces de se difiniren; s'o fixeran, cecais já non foran mozos. Cando van dicir o que queren, perdense en vaguedades. Somentes se saca en limpo qu'os engañaron. E isto si qu'é certo. Non tendes mais que ver com'en Francia e mais na Hespaña os sigue engañando toda sorte de pedagogos.

Todos queren amostrar qu'a mocedade está coiles, porque ás veces os mozos falan coa lingua d'iles, porqu'ainda non chegou a criar a propia. Falan outros de deportismo e d'outra chea de parvadas, com'a velocidade e demás tópicos futuristas d'*avanguarda*, querendo co elo inútilmente caraitezizar a mocedade actual. Non. A mocedade está de volta d'esas cousas todas, da literatura, da filosofía, do deportismo, do futurismo, da políteca que lle deprehenderon os dómimes. A mocedade d'agora é o todo, mais é o d'outro xeito que non sospeitan os seus formadores, non sei ainda se pra ben se pra mal. O que sei é que nunos han atormentado istos cachivaches d'ogano que nos están incordiando a nós, os de pouco antes e de depois da guerra. Por iso iles teño enveja. Quen me dera coma iles, con todo o qu'eu sei, e o pasado pasado!

#### NACIONALISMO

Todo alemán é nacionalista, agás os judeus; mais os judeus, son alemás? O qual equival a dicir: todo alemán é alemán. Será o que sexa e terá as ideias que teña, sempre será alemán. O nacionalismo poderá estar acochado debaixo d'ideologias, doutrinas e programas; mais chegamos a unha custión práutica, e d'un xeito ou d'outro, o nacionalismo aparece. Perguntaille pol as débedas da guerra a un casco d'aceiro, a un comunista, a un nacionalsocialista: todos vos responderán igual: non pagar. Perguntaille a un cen-

trista, a un socialdemócrata, a un populista; diránvos que haberá que pagar, mais que non é justo.

Partidismo, revolución, o que se queira; por adentro: *Deutschland über alles!*

Antre nós, en Galiza, mírase mal o nacionalismo alemán, pór ser imperialista e centralista. Mais compre consideral-o caso, pra que se vexa ben que o nacionalismo alemán non pode ispirar nen justificar un nacionalismo hispánico do mesmo xeito. Na Hespaña hai catro naciós, étnica e lingüisticamente diferentes: unha céltiga, outra vasca e duas ibéricas, anque falando linguas distintas; na Francia acontez o mesmo: hai unha nación céltiga, outra vasca, outra provenzal, outra alemá, etc. Na Alemaña non acontez semellante cousa: Alemaña inteira, con Austria e con diversas minorías nacionás nas terras veciñas, constitúe unha soila nación con unidade étnica e lingüística. Os alemás teñen, polo tanto, dereito a confundiren a nación co Estado, porque é co Estado alemán; os hispanos non teñen dereito a confundiren a nación co Estado castelán, nin os franceses a confundiren a nación co Estado francés. O caso é outro inteiramente, e non pode servir de regra pra os nosos países, mais que d'un xeito inteiramente diferente, ou seña reivindicando un Estado pra cada unha das naciós hispánicas e francesas. Sómente d'iste xeito habería unha coincidencia real da nación co Estado; d'outro xeito nona haberá endejamais.

#### MILITARISMO

Todo alemán é militar, ainda que seña pacifista. Non é militar por deber, por educación nin por hábito, senón por nacencia. Isto intitivamente, caminan con paso militar, e dende logo, cando se juntan uns cantos acompañan o paso e vano marcando igual qu'os soldados. Teño ollado algunas manifestacións comunistas: de cote a formación era tan escorreita e o paso tan ritmico e marcial como dos antigos granadeiros da Garda. Tan igual e perfeito coma se levaran a banda tocando, diante, anque nona levaran. Porqu'ademas, o desfilar atrás dunha banda é un dos meirandes engados qu'a vida ten pra

#### NÓS

os alemás. Tan militares son, que non já o Reich, senón cada partido políctico ten o seu exército: Cascos d'Aceiro. Nazionalsocialistas, Exército roxo. Cada partido ten seu uniforme. Moito se ten falado do militarismo dos alemás; eu coido que ainda son más militares que militaristas.

Contra d'isto todo hai oposición, levada especialmente polos intelectuais da raza judía. Hai en certos centros un snobismo pacifista e antinacionalista, más ou menos temperado. Hai o tipo inelegante e vulgarote de Remarque, más tamén hai o tipo refinado e distinto do lindo conde Coudenhove-Kalergi, profeta da Pan-Europa, no que a ideología d'Hotel Metropol chega a se vestir dunha forma case aceptábele. Mais ainda moitos d'estes escritores con pretensiones de mundialidade, danse com'alemás puros, coma verdadeiros representantes do espírito germánico. Ou sexa, un rabo ainda do nacionalismo indeclinábele dos alemás.

Os quales con todo, han seguir marcando o paso.

#### NAZIONALSOCIALISMO

Eu resumiría o nazionalsocialismo en tres verbas: «mocedade —clás meia— contrarrevolución.»

A reacción vital da nación alemana, empoxonada polo formento marxista, comesita polo judeus, esmagada polo capitalismo internacional e polo vencedores de Versalles e que se quer ceibar polo unión e o sacrificio na idea da Patria encarnada no Estado.

Nun programa de reivindicacións económicas que se fan nacionás, asume o sentimento inmorrente da gran raza germánica, o idealismo do Estado, que ven da filosofía clásica postkantiana, o imperialismo que ven dende Calromagno deixa Guillermo II.

Ten a forma ofensiva, algo plebeya, do fascismo, do futurismo, de certos movementos de mocedade; ten un orgulloso desprecio polo credos socialrevolucionarios qu'entre nós gozan de tanto respeto; ten certo seguimento afincamento en esencias tradicionás; ten o valor de negalo porvir ao comunismo.

E coisto ten já d'abondo pra vir amostrar,

medrando de dia en dia, en número, en forza e en audacia, que o porvir do mundo non está no que agardan uns e temen outros dos dous bandos en que semella dividido o mundo moderno.

É ainda unha proba de qu'a mocidade non é, com'énantes dicíamos, necesariamente revolucionaria ao xeito que a quixeran os avanzados hespánulos. Esta mocidade preparalle grandes sorpresas ás esquerdas, principalmente ás peninsulares, que a julgan por Remarque e por Doeblin, porque son os qu'a iles lles simpatizan, e coma quixeran que foran todos. Mais já se vai vendo qu'o non son.

Eiquí mesmo, a caraxe contra do nacio-

nalsocialismo é feroz. Moitos limitanse á censuraren as suas formas epilepticas, sen teren en conta a lei dos opositos, que require que á unha epilepsia teña que responder outra epilepsia, á unha barbarie outra barbarie. O nazionalsocialismo é tan fillo do noso tempo com'o comunismo slavizado, e ten qu'adoutal-as formas do tempo en que vive. O nazionalsocialismo é alemán, ademáis, e os alemás tenden á eisageración, ao escusivo, á violencia, nativamente.

Con todo, ten d'abondo pra ser bó, con ser a única forza que na Europa de hoxe se pode opor con eficacia ao marxismo.

(Continuará)

## ÍNDICE CULTURAL E ARTÍSTICO DO RENACIMENTO GALEGO

Por FRANCISCO F. DEL RIEGO

(Remate)

### A MÚSICA

No século XIX xa, Pondal, Curros e Rosalía cantaran en música lediceira. As verbas voaron baixo da luz milagreira do ceo galego. Foi unha leición de armoñía e de vontade. A nosa lingua encheuse de vida. O ar de resoancias. As almas adequiriron simpatias resoadoras. Uns cantos músicos puxeron en música os versos dos poetas. O que se chamaba música culta estaba representada por Chané, por Montes, por Veiga, por Baldomir. Mais ista música era un arrecendo da música teatral da época. Nos nosos tempos, temos catro nomes soados, que enchen dun novo ar e dun contido novo o lirismo da nosa música. Co *Padre Luis Alvarez* con *Iglesias Vilarelle* con *Blanco Porto*, mañísico director da Sinfónica pontevedresa, e con *Bal y Gay*, autor dun delicioso poema sinfónico sobre poemas de Manuel Antonio; os seus roteiros poden ser un futuro belido i-ergueito.

### A PROSA

Iste xénero literario é estudiado en todos os seus matices e dimensións con agarimo e craridade fondas, por ilustres mestres que poñen á gran outura e asumen compriadamente a sua representación: O ensaio filosófico, político, literario e científico. A novela, o conto, o teatro, son denominadores que adequien relevancia no presente decorrer cultural.

*Vicente Risco* é un home multitudinario que o atopamos en todos os camiños da nosa cultura. Eu quero soio destacar eiqui a sua novela «O Porco de pé», que é unha cousa dабondo extraña na literatura actual. Dila zuga un humorismo racial, paisano que moitas vegadas non está nas cousas que trata, que solo eisiste entre o autor e o leitor. Ollar sinón aquél xeito de cansalo con ringleiras enormes de nomes ininteligibles e que lle fai rematar riéndose. Risco é tamén, sobre todo, ademais de teorizador do nacionalismo galego, un folklorista insíñe con marcada base científica.

*Otero Pedrayo* é o creador da nosa moderna prosa. Guinda pol-a borda da sua nao senlleira os derradeiros lastres de plebefismo que impedian significarse ao noso idioma. Otero Pedrayo logróu a maior parte das parcelas da nosa cultura, destacándose en todas. Fixo novela, e creou conto i-ensaio, chegando á prenitude n-istes dous derradeiros, e todos saben que é hoxe un dos primeiros xeógrafos da Península, que sinte con paixón cada palmo de terra que estuda. Otero Pedrayo, finalmente, pódese decir que está encarado con todal-as roitas más novas da cultura actual.

*Castelao*, como prosista, aparecesenos con un fino humorismo de fonda raigaña galega, como o que da vida ás suas xeniás caricaturas, na orixinalísima i-extrana historia macabra «Un ollo de vidro». E como un gran crítico de arte nas impresións dun viaxe de estudio por Europa, publicados co título «Do meu diario» en varios números da revista «Nós».

*Xodán Vicente Viqueira*, gran espírito galego i-europeo, estudou en Universidades alemás e francesas e adicou toda a sua vida ás cencias filosóficas nas que sobresaíu dun xeito inusitado. A sua concencia formada ante as congostras da Terra e perfilada coas novas correntes da Europa que il tiña percorrido, era a concencia dun home preocupado por dar un valor de cultura universal ao movemento nacionalista galego. No libro «Ensayos e poesías» publicado por un fato de amigos despois da sua morte, xúntanse conferencias e artigos encol de custiós pedagógicas e artísticas, fragmentos e bosquejos de traballos, que responden aos seus anceios de liberacións ás suas grandes dotes científicas e culturais.

*Rafael Dieste* en «Os Arquivos do Trasno» exhibe unha colección de contos orixináis, que pol-a sua intensidade, pol-a sua emoción humana e pol-a sua finura estética poden figurar á beira de calquer antoloxía. E na «Fiesta Valdeira» comedia en tres lances, destácase, sobre todo, o primor de lengaxe e a finura de expresión como remate d-unha cálida sensación do ambiente en que se desenvolvan as esceas e o vigor psicolóxico dos persoaxes. É unha sensación vivaz do real, animada e robustecida polo arte. Dieste co ista obra creou, sin ser deixa agora continuado, a verdadeira e única obra de teatro en Galicia.

*Eugenio Montes* en «Estética da Muiñeira», *Correa Calderón* na sua novela «Concepción singela do ceo» e *Armando Cotarelo e Quintanilla* en varias novelas e obras de teatro, contribuyen tamén ao engrandecimento das nosas letras.

*Alvaro de las Casas* e *Filgueira Valverde*, considerados por mí duns xeitos nidiamente subjetivos, como os mellores prosistas contemporáneos galegos, cultivan tamén todos os eidos culturais. Eu tan solo citaréi como obras acabadas de entrumbos: o «Pancho de Rábade» e «Os nenos», respectivamente.

Na prosa científica: *Florentino L. Cuevillas*, considerado como o pai dos estudos prehistóricos galegos, *Sebastián González*, *Xesús Carro* e *Bouza Brey* ensaiistas de prehistoria e arqueología.

Na química e na historia natural: *Parga Pondal* e *Luis Iglesias*. E despóis os redactores e colaboradores do Boletín eclesiástico «Logos», editado no mosteiro de Poio, e no que se estudan diversos e varios temas de caráter científico.

Derradeiramente, direivos que iste movemento de reivindicación cultural e de re-

construcción galega atopa coma colofón tres feitos outamente suxerente e de relevancia suma pra nosa laboura. O pulo xermolador de vizoso rexurdimento do Seminario de Estudos Galegos. A fundación dos agrupamentos «Ultreya», debida ao seu maor Alvaro de las Casas, e o rexo balbordo dos universitarios composteláns que teiman abrir todal-as fiestras da nosa vella Escola cara todol-os roteiros do mundo. As posibilidás futuras da nosa terrá están aseguradas n-istes tres feitos, que con matiz eminentemente cultural tratan de conservar e acentuar as peculiaridás de Galicia, pra colaborar, coma todol-os pobos, na creación e mantemento dunha cultura universal.

Guillermo Haas, ten dito que «por doquer a Historia europea nos revela unha grande creación de cultura que comprende á todol-os seus membros.» Antre ises membros queremos e temos o dereito de estar nós. Veleiquí os nosos anceios de liberación xustificados nas nosas arelas de futuro.

Aló en Sant-Iago, superador do arte románico. En Sant-Iago que se rí do sol, da lúa e da iauga.

En Sant-Iago, que xurde da terra e na terra zuga forza mística pra se erguer aos ceos. Albre vivente de lembranzas e xeneracións, aparece de novo o camiño de luces da nosa cultura, que como noutrora o ten de trocar na estrela polipétala en que ha de converxer pol-a lumieira das suas cen estradas todo o máis escolleito da cultura ocidental. É a verdadeira lingua da nosa esfera que sai do infinito e vai cara ao infinito, mollada de misterio, tremente frente á pubertade ou frente á morte. É a nova xeneración que sabe escoitala con certidume e con conscientia, que se sinte en camiño, no seu propio camiño, ao mesmo tempo que ara en todol-os mares e fadiga en todal-as estradas.

## Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

### LEENDAS E SUPERSTICIÓS D-ARNOYA

**C**on motivo d'un estudo humorístico que estou facendo en col de «Don Juan», bo-teime por estos lugares e aldeas de Arnoya á recoller lendas e contos que tivesen relación co Convidado de Pedra. Aprobeitei as que me fixeron falta, e aquí vounas á dar todas, por si fosen de algúin intréspido a alguén.

A primeira contouma Dolores Alonso, e di así: «Pasouelle no Val do Coñedo. Había lle ali un mozo moi garrido, qu'unha noite convidouelle á cear á catro amigos, e puxéronse de comer e beber como abades; mais ás doce da noite acabouselles o viño, i-entón dixo un d'iles: —Aver quen é o valente que vay á buscar viño á bodega. Como estaba un pouco lexos da casa, e pra ir á ella había que pasar pol-o camposanto, ninguén se atreveu, pero o que pagaba a cea levantouse e dixo: —Vou eu e convidarei aos que

haxa no camposanto. Así o fixo, e cando chegou frente á iglesia, viu un bulto branco que se movía, e dirixindose á dixolle: —Si queres cear vente conmigo. O bulto non lle respondeu e il siguiu o seu camiño, mais cando quixo meter a chave na porta, volvے a cabeza e viu o pantasma detrás de si. Abriu e metérónse dentro os dous. Entón o mozo foi á unha cuba de viño, sacou unha xerra e dixolle á estantiga: —Queres beber? I-a estantiga colleu a xerra e dun trago vacioua. Sacou outra e perguntouelle: —Queres más? I-a estantiga fixo o mesmo, e así que bebeu tres ou catro xerras, o mozo dixolle: —Vai beber ao inferno, pantasma do demo. E colleu o camiño da casa coa estantiga detrás. Ao chegar á porta do camposanto o pantasma parouno e dixolle: —Non convides de noite á ninguén porque che pode custar caro. Á ti non che pasa nada ago-

ra mismo, porque eu son teu pai. Mais o caso foi qu' rapaz meteu-se na cama pra non levantarse máis. Morreu de medo.

Camila Alvarez, do Val de San Vicente, contou-me outra semellante á ista. E sigue: — Era un home que sempre que iba á iglesia e atopaba un oso no adro, dáballe unha patada. Un dia viu unha caliveira e levantou o pe, diulle co il e saiu rodando a caliveira; entón ista revirouse cara pr-o home i-este moi valente dixolle: — Inda te revisas? Mais á noite, cando estaba ceando apresentouselle a caliveira derriba da mesa i o home dixolle: — Si queres ceiar ahí tes prato. — Quen ven ceiar conmigo ao cementerio eres tú — dixolle a pantasma, e arramplou co il.

Si o *elixe* da lenda de «Don Juan» é o convite á unha cea á un morto, ou a comarfigura que o representa según di Said Arnesto, estas lendas non poden ser más «donjuanescas», pro iste non é lugar de falar d'isto e limitareime á dar as lendas sin quitar nin poñer unha palabra á como as oíñ, anque teñan defeutos de redacción.

\*\*\*

Outra lenda oída á citada Dolores Alonso, e que ten certa relación co'a do entierro de «Don Juan» é a siguiente: Unha vez ibanlle pra iglesia un mozo e unha moza con todo o acompañamiento á se casar, e ao chegar á metade do camiño atopáronse cun xoven que había sido noivo d'ela, e que estivera en amores con moitas rapazas do pueblo. O mozo, que os miraba, dirixindose á que se iba á casar, dixo: Ela é boa moza pero... Ao oír isto o noivo, comprendendo que aquil «pero» tiña moito rabo, deu media volta e foise pra casa, deixando prantada á moza e á todo o acompañamiento. A probe da rapaza morreu de vergonza e disgusto, e como vostede sabe n-outros tempos enterraban dentro da iglesia, ali a levaron e deixárona no medio d'ela dentro da caixa, pra facerlle os funerales ao dia seguinte.

O mozo causante d'aquela desgracia remordéndolle a concencia pol-o que había feito, foise á confesar e o cura púxolle de penitencia que acompañase na iglesia toda a noite á morta. Alá se foi e cando ainda

non tivera tempo de sentarse a difunta levantouse e dixolle:

Pol-a tua lengua malvada  
non estou agora ben casada

Non acabara de decir isto, cando no altar maior apareceu un cura decindo misa con duas monxes ao lado: — Mira — dixolle a difunta — aquel crego e aquelas duas monxes, eran os fillos que eu había de térmos. A misa de difuntos que di o crego é pol-a tua alma, pois antes de dous días veraste coma min. E aos dous días morreu.

\*\*\*

Don Juan Reibelo, perito agrícola, describeme a Procesión das Xans da seguinte maneira: — Ista, ao contrario da Santa Compaña, está formada pol-as fantasmas de individuos vivos, que van en duas filas e levan un ataúd. Canto máis perto vaia cada un dos que a forman do dito ataúd, máis pronto morre, podendo turbar os que van máis lejos, tres ou catro anos. O que a atopa vea, pero non-a sinte, i-o encontro casi sempre é nos cruces dos camiños donde hai costume de parar cos difuntos, pra que os cregos lle canten responsos. Si o que a tropeza é amigo dos que van na procesión, iste non fai más que levalo pol-o ar á outra parte, que eiqui sole ser ó coto de Novelle, pero si é enemigo, dánlle unha gran tunda e arrástralo por entras silveiras.

Son poucas as persoas que van á procesión das Xans. Necesitanse pra elo unha das duas condicións seguintes: co padriño do que a re rezase mal o credo cando o bautizaron ou que o cura trocase os Santos Oleos confundindo os da estrema unción cos do bautismo. Isto pode evitarse bautizándose de novo.

\*\*\*

A moíña que me contó a leenda do convite tamén lle oíñ a siguiente, que a daba coma todo que me decía, coma rigurosamente historeca. N-un pueblo ben preto de aquí sentianselle tocar as campanas todal-as noites sin que a xente soupesse quen tocaba, pois

subian a torre e non atopaban a ninguén. Un home do lugar, disposto á saber quen era o que tocaba, metéuse unha noite na iglesia. Cando levaba unha hora ali, viu que se abria unha sepultura, saía d'ela un esquilete e lase a sacristía. O pouco tempo saliu revestido coma pra decir misa, vaise a torre e comenza a tocar as campanas. Feito isto baixa i o entrar na iglesia comenza a decir: Cheira a vivo a vivo cheira. E ponse a rexistrar todos os rincóns e confessionareos, hastra que non atopando a ninguén dirixese o púlpito e da co home ali escondido. Colleo por unha man, leva o altar maior e dille: Dios cho pague por haber visto eiqui. Eu son un cura que estou penando, porque morrin sin decir unha misa que me habían encargado polas ánimas do Purgatorio. Vouna decir e tí vasme a axudar a ela. Dito isto ponse a decir a misa, pero cando o que lle axudaba se volvén de costas o altar pra mudar o libro, viu a iglesia cheia de xente que non cabía máis. Eranlle as ánimas.

\*\*\*

Un mozo de Remuiño faláballe a unha rapaza do San Amaro. Cando a iba a ver pasaba por xunto a iglesia que lle collía no camiño e o chegar frente a ela sacaba a gorra e rezaba polas ánimas, mais un dia os mozos do San Amaro, acordaron sairlle o camiño e darlle unha tunda, pra que non volvese por ali a festexar a rapaza. Un dia iba a vela, coma tiña por costume tamén rezou. Cando chegou a Peixón, donde estaban os mozos esperandoo pra arrearlle, apareceron catro guardias que se puxeron o seu lado. Os mozos o velos botaron a correr. Aqueles guardias eranlle as ánimas que o protexian, porque sempre lle rezaba, pero il non as viu nin se deu conta do que sucedera.

\*\*\*

Constantino Baugueses, de ochenta e cinco anos pregúntante o siguiente:

¿Vostede non cree nas Xans? Pois pregúntelle o tio Felipe o que lle pasóu.

¿E que lle pasóu?

Pois que tiña un compadre que iba na pro-

cesión e un dia dixolle que si quería vela, que se puxese a xixar pol o ferrollo da porta, así o fixo e veu unha Xan, metéu a man pol o burato do ferrollo, agarrouno pol a nariz e tivo ali pegado hastra que tocaron a alba.

\*\*\*

Doña Benita Pereira de setenta e cinco anos de edad contóme esta leenda de mouros.

Nise penedo que hai no medio do río un pouco más abaixo da primeira ponte, estaba un dia unha moura peinando unha rapaza con un peine d'ouro, pasaron por ali unhos segadores i a moura perguntoalles que camiño levaban, como os segadores lle dixeran que iban pra Castilla, a moura díxolle: — Pois eu teño alá unhos parentes e agradecereivos que lle levedes iste regalo. Así o fixeron os segadores, e cando o entregaron o que o colleu tan pronto lle votou a man, estoupou e quedou esnaquizado. Cando volveron pra Galicia, a familia do que morreu déronlle os segadores unha faixa de seda pra un niño co encargo de que lla entregasen á moura de Arnoya pra que ista lla puxese o seu fillo, e os que a traian regaláronlle unha madeixa de seda moi pequenina dicindolle que aquela madeixa non se acababa nunca, e que lle encargase moito á sua muller que cando tecese telas que nadie a vise porque se non acabábase no mesmo momento. Chegaron á Arnoya os segadores i entregáronlle a faixa á moura; ista colleuna e púxolle á unha cerdeira que estaba chea de cereixas, e n-aquel mesmo momento a cerdeira estoupou.

O segador que traía a madeixa entregoulla á sua muller, encargándolle moito que nadie a vise tecer. A muller púxose a facer baras e más baras de tela i-a madeixa nunca se acababa, mais un dia estando na cuciña tecendo entrou unha veciña viuna e de repente acabouse a madeixa.

\*\*\*

Vamos agora coa «terapéutica».

Cando un niño dorme de dia e de noite

chora sin deixar descansar aos que o rodean, cóllese un zapato do pai e dándolle con il nas plantas dos pes dise nove veces:

Douche con iste zapato  
i-este zapatón  
pra que durmas de noite  
e de dia non.

Hai que repetilo doce veces,

\* \* \*

Cando un ten un pé aberto, cóllese un puchoiro de barro compretamente novo e n'il férvese auga con borralha e bótase n'unha barreña nova, ponse o cazolo boca á baixo derriba da barreña e no cu d'iste unha tixiera en cruz, un peine novo e sin estrear e un carto vello dos que teñen unha cruz. Derriba de todo isto ponse o pé. Si sube a auga ao cazolo, entón é que o pé cura e si non sube é que o pé non está aberto.

\* \* \*

Pra curar os toromelos faise unha casinha con carulos, cartós, pauciños ou con outra cousa que arda, e piántaselle lume e ao arder berrase, canto más mellor:

Acudan veciños  
que arde a casa dos toromelitos.

\* \* \*

Pra curar o enganido, hay duas maneiras. Cóllese á un rapaz e átase á un pau d'unha cruz que haxa n'unha encrucillada de camiños e á primeira persoa que pase dáselle unha machada i-esta ten que cortar o atadallo sin falar unha palabra.

Outra maneira de curalo é a seguinte: Cóllese unha bica e unha cabaza de viño e vaise á unhas silveiras donde estas fagan un arco. Debaixo d'elas as duas persoas que acompañan ao rapaz teñen que comer e beber a bica i-o viño, sin deixar nada e despois debaixo do arco das silvas un colle ao miniño e dillo ao outro:

Toma,  
¿E ti que me das?  
Douche á Fulano.

Non o quero enfermo.

Tom-o sano pol-a gracia de Dios e da Virxe María.

Faise isto doce veces seguidas.

\* \* \*

Maneira de curar a erisipela: Cóllese nove follas de loureiro e pasando unha cada vez pol-a cara, dise:

Nove follas de loureiro  
Ursipela, ursipelón.  
Vaite d'eiquí  
Vaite á los montes Pirineos  
Donde non oias galo cantar  
Nin boi nin vaca ornear  
E ningunha cousa de chiar  
Pol-a gracia de Dios  
E da Virgen María

Ou dise tamén o seguinte:

Pedro e Paulo foron á Roma  
Con Jesucristo encontraron  
Pedro y Paulo ¿dónde venís?  
Señor venimos de Roma  
¿Qué novedad hai en Roma?  
Mal d'impola y orsipela  
Pues volver allá  
Que con esparto y flor de oliva  
Se curará  
Por la gracia de Dios  
Y la Virgen María


\* \* \*

Os flemóns cúranse facendo n'iles cruces cun coitelo de aceiro e pau, ao mesmo tempo que se di o que sigue:

Eu son o flemón  
Que beixei do coto pra ribeira  
A comerche os hosos  
E á marchache a carne  
Que te hei de cortar  
Con coitelo de aceiro e pau  
Heite de botar pras ondas de mar  
Donde non oias galina cacarexar  
Nin porco urrar

Recollidas por  
CASTOR SÁNCHEZ GARCÍA

Os pobos son  
grandes pol-a  
cultura.



Mercade  
Libros  
Galegos.

MERQUE VOSTEDE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.

VÉNDENSE EN TODOL OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo  
Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

**FOTOGRABADO**

Si quer qu'os seus fotografiados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos  
**Talleres de fotografiado ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será  
unha biblioteca galega,  
mentras non adequira as  
obras editadas por

**NÓS**

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA  
SANTIAGO